

## XULIO RÍOS DIRECTOR DO INSITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL

En 1991, nun período de transformacións profundas no mundo, principiaba a súa andaina o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), un proxecto de vocación

colectiva e plural que viña madurando desde seis anos antes, co inicio da Perestroika de Gorbachov, lembra Xulio Ríos, o seu director. O obxectivo era, é, único aínda que bidireccional: favore-

cer o coñecemento, tanto dos galegos verbo dos problemas internacionais como do resto do mundo a respecto de Galicia. Coñecelos e que nos coñezan, en definitiva.

# “No empresariado pesa a idea de que a política é prescindible nos negocios”

ENTREVISTA DE J. GÓMEZ

O Igadi cumpre este 2011 dúas décadas de vida e, para empezar a celebralo, dedicou o seu primeiro acto do ano a un ferrolán inesquecible, Fernando Pérez-Barreiro Nolla, embaixador galego no Reino Unido e pontífice entre Galicia e China, país polo que o director do instituto, Xulio Ríos, sente unha fascinación absoluta.

—Cre que os obxectivos plantexados en 1991 fóronse cumprindo axeitadamente? Hai algunha fronte de acción á que haxa que prestarlle unha actuación especial?

—Coido que o Igadi contribuíu nestes anos a sensibilizar ao conxunto da sociedade galega sobre a importancia de prestar atención ao exterior e, ao mesmo tempo, axudou a vertebrar discurso, propostas e instrumentos, nalgún caso, con carácter vangardista, susceptibles de situar a Galicia como unha autonomía no mundo. Penso que acreditamos solvencia e rigor en diferentes ámbitos da análise internacional e tamén suxerimos estratexias, tanto globais como sectoriais, para que Galicia se insertara no mundo a partir da dinamización de vantaxes comparativas que constitúen un capital social moi importante na sociedade mundializada de hoxe.

—Foi complicado poñer a andar o instituto?

—O máis complexo é visibilizar a súa necesidade e lograr que non se vexa como algo exótico, senón como un atributo imprescindible na sociedade actual. Moitos axentes decisivos centran en demasía as súas preocupacións no entorno inmediato e pese a un discurso formalmente aberto, na práctica, predomina a incoherencia. Vémolo agora mesmo, coa crise: todos aseguran que as sociedades máis internacionalizadas resisten mellor as dificultades, pero a acción exterior é unha das perdedoras máis notorias dos axustes. É un erro colosal.

—É laborioso facer comprender fóra a realidade galega nun mundo globalizado?

—A mundialización potencia a diversidade e abre posibilidades novas para ser máis nós no mundo. Ten moitos efectos perversos en numerosos campos, pero o in-

### PLÁCIDO CASTRO

“Para aquela xeración estaba máis claro que hoxe que Galicia é unha célula de universalidade”

cremento dos fluxos de comunicación e a dilución das fronteiras en diversas ordes, abre numerosas oportunidades para quen teña a vontade de aproveitelas. É unha ocasión histórica clave que non deberíamos desperdiciar á lixeira por timoratismo, falta de ambición, numantismo e mesmo por descualificación ideolóxica do proceso.

—Ten falado da “tradición universalista do galeguismo” da primeira parte do século XX. Cre que aqueles persoeiros, como Plácido Castro, e as súas ideas foron obviadas polos políticos que os sucederon? A idea de Galicia que tiñan daquela é máis aberta da que pode defender hoxe?

—Plácido Castro, por desgraza, segue a ser un descoñecido. Pásanos con moitas personalidades valiosas do noso universo colectivo. É un problema inseparable das vicisitudes históricas do século pasado, pero tamén froito dunha cultura social con pouca autoestima que tende a valorar o propio só por indicación allea. Creo que naquel tempo, para aquela xeración, estaba máis claro que hoxe que Galicia é unha célula de universalidade e que o futuro pasa, necesariamente, pola defensa dun progreso con identidade. Esa concepción vén como anel ao dedo ao mundo en que vivimos.

—As empresas galegas adoitán acudir a vostedes para recibir información e axuda?

—É bastante excepcional, se ben colaboramos con diferentes axencias de promoción económica. Nós centrámonos moito na análise política e na prospectiva e no colectivo empresarial pesa moito a idea de que a política é algo prescindible nos negocios. Logo pasa o que pasa e todo o mundo se sorprende da falta de previsión. A política é un risco clave que cómpre considerar, especial-



Ríos, na homenaxe a Pérez-Barreiro en Baiona

MARIBEL LONGUEIRA

mente en determinadas latitudes, de igual xeito que a relación institucional é un complemento que reforza os vínculos económicos. Por outra banda, hoxe non podemos concibir nada serio a curto prazo, precisamos visións de alcance que integren o táctico e o estratéxico, cun pé no presente e outro no futuro. Para iso están os “think tank” como o noso.

—Tamén interveñen nos medios de comunicación para situar na súa dimensión correcta os conflitos internacionais. A información de “Internacional” nos medios galegos é demasiado deficitaria ou superficial?

—Creo que é moi mellorable. Falta persoal especializado pero tamén unha mellor “localización” da información internacional, moi condicionada polo “diktat” das axencias. Debiamos prestar máis atención a Portugal, por exemplo, pero tamén a outros focos que estratéxicamente poidan ser de in-

terese para Galicia, que poden non coincidir exactamente cos de España no seu conxunto, tirando proveito da nosa dobre dimensión: euroamericana pero tamén eurolusófona.

—Comunidades como Cataluña e País Vasco teñen intentado crear embaixadas no exterior. No caso de Galicia ese plantexamento é menos visible. Por que hai esa diferenza? Por que esa “conciencia nacional” é tan cativa en Galicia (a teor dos resultados electorais) que nesas outras dúas comunidades?

—O erro de partida radica en concibir estas delegacións como pseudoembaixadas dun país que intenta plasmar así un nivel de soberanía non recoñecido internamente. O feito nacional impón cortapisas que non se dan noutros contextos. Varios estados mexicanos, por exemplo, dispoñen de delegacións propias en varios países do mundo e ninguén se alarma

### CRISE ECONÓMICA

“A acción exterior é unha das perdedoras máis notorias dos axustes. É un erro colosal”

por iso. É unha necesidade derivada dos contornos do mundo presente. A carga política dependerá moito do goberno que xestione ese instrumento, pero a delegación en si é unha esixencia que debe reflectir a existencia dunha estratexia para estar fóra.

—Cales son os principais focos de conflito internacional no futuro inmediato?

—O mundo vive un tempo de axustes profundos que activa impulsos e resistencias de gran calado. Estamos pechando a postguerra fría con numerosas fronteiras abertas tanto no que atinxe a fenómenos transversais (dende a proliferación nuclear ou o cambio climático) como á plasmación dun novo equilibrio de poder. Esa converxencia esixirá moita man esquerda para evitar que tan profunda transformación derive en conflitos incontrolables.

—O Igadi ten certa debilidade por China. Como pode Galicia entrar nun “mercado” e nunha cultura que non tardará en ser a primeira potencia económica do planeta?

—Temos que entrar preparados e cunha estratexia definida, non improvisando. Iso é clave, ao igual que a perseverancia. O Igadi promoveu a creación dun Observatorio especializado en política chinesa, único en España, e xestiona actualmente a Rede Iberoamericana de Sinoloxía que agrupa a máis de vinte especialistas de catorce países. Galicia ten moitas oportunidades en China, mesmo no eido político, un factor clave na relación co xigante asiático. Xa tivemos aquí a varios académicos chineses e en abril virá unha misión para coñecer de preto a experiencia autonómica galega. É un valor diferencial que debemos aproveitar. A diferenza ábrenos portas. Se non entendemos iso, non entendemos o mundo en que vivimos.